



2016 - 2017

Carlos Casares Mouriño naceu en 1941 en Ourense. En Xinzo de Limia vivirá a súa infancia fortemente ligado ao rural galego e á lingua do país. En 1952 comeza os seus estudos no Seminario de Ourense onde sufrirá unha forte represión lingüística que espertará no autor un espírito inconformista. Decide estudar por libre o bacharelato, o cal lle permite investir máis tempo na súa produción literaria, coñecer a intelectuais galeguistas como Vicente Risco e participar no faladoiro do café Parque en Ourense.

En 1961 comeza en Compostela os estudos universitarios e coñece a intelectuais e galeguistas como Ramón Piñeiro, vinculándose así ao núcleo da cultura galega antifranquista. O seu labor literario compaxinao co político formando parte de asociacións. Son anos produtivos onde Casares se forma como autor comprometido co seu país e publica os primeiros relatos na revista Grial en 1965, a súa primeira obra, *Vento ferido* (Galaxia, 1967) e a novela *Cambio en tres* en 1969; obras ambientadas no franquismo, con elementos autobiográficos e con técnicas narrativas innovadoras. A súa inquietude artística fai que escriba literatura infantil: *A galiña azul* (1968, 1º premio de contos infantís "O Facho") e a peza teatral *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973, premio "O Facho").

Publica, en 1974, *Xoguetes pra un tempo prohibido* (premio Galaxia e premio da Crítica española) converténdose nunha das voces emerxentes máis renovadoras da narrativa galega. Isto, xunto con outros estudos, fan que ingrese na RAG no ano 1977, sendo o membro numerario máis novo. Como narrador ocupa un lugar indiscutíbel na historia da literatura galega mais tamén destacou como ensaísta, xornalista e tradutor.

Casares participou activamente na redacción e aprobación da Lei de Normalización Lingüística en 1983 e na creación do Consello da Cultura Galega ademais de dirixir a editorial Galaxia (1986-2002) e a revista *Grial*.

Resulta complexo sintetizar a traxectoria literaria de Carlos Casares, un dos máis grandes narradores da segunda metade do século XX e embaixador da nosa cultura que soubo combinar a narrativa oral e culta cun realismo predominante, o cal mesturou coas técnicas narrativas máis innovadoras, acadando o equilibrio entre a tradición e a modernidade e enchendo os seus textos dunha gran riqueza simbólica e poética.

Carlos Casares faleceu en Nigrán o 9 de marzo de 2002.